



Fair Value Auditores

Convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de La Coruña e Fair Value Auditores

O 30 de outubro de 2008 a Confederación de Empresarios de La Coruña (CEC) e a entidade Fair Value Auditores, S.L. asinaron un convenio de colaboración co obxecto de prestar apoio técnico ao conxunto de empresas asociadas para mantelas informadas de cantas importantes novidades se vaian producindo en materia contable, fiscal e mercantil.

En virtude deste convenio esta entidade pon á disposición dos servizos técnicos da CEC unha plataforma *hot line* de resolución de consultas contables, fiscais e mercantís en xeral, que serán respondidas vía correo electrónico.

Na organización de xornadas informativas sobre as principais novidades que se vaian sucedendo en materia contable, fiscal e mercantil e que resulten de interese común para os asociados, Fair Value Auditores pon á disposición da CEC os contidos e os expertos na materia.

Fair Value Auditores elaborará un artigo de opinión técnica para inserir na revista *Ámbito Empresarial*, que edita a CEC, que versará sobre as principais novidades en materia fiscal, financeira e mercantil.

Este convenio terá unha duración dun ano e é prorrogable tacitamente de ano en ano se ningunha das partes o denunciara.